



CG/pgm

Asunto	Solicitud de informe sobre o estudo de impacto ambiental	Clave	PE/PO/001/19(1)
Proxecto	Parque eólico Suime		
Espazo natural	Ningún		
Conca fluvial	Ulla		
Concello	Rodeiro		
Provincia	Pontevedra		
Solicitante	Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (actualmente Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación)	Ref.	IN408A/2018/07
Promotor	Greenalia Wind Power S.L.U.	Ref.	

I. Antecedentes administrativos.

Mediante escrito do 22/10/2021 do Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (actualmente Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación), tivo entrada, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, en cumprimento do establecido no artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a petición de informe relativo á seguinte documentación:

- Estudio de Impacto Ambiental do Parque Eólico “Suíme” elaborado por NOVOTEC Consultores e asinado en xuño de 2021.
- Cartografía dixital en formato shp.

Con data 07/02/2020, esta dirección xeral emitiu informe sobre a elaboración final do estudo de impacto ambiental e para unha adecuada avaliación, análise e integración ambiental do proxecto co patrimonio natural e a biodiversidade.

En consecuencia e a vista dos antecedentes, emítese o presente informe tendo en consideración a información achegada coa solicitude, así como as observacións



formuladas polo Servizo de Patrimonio Natural de Pontevedra no documento subscritos con data de 07/04/2022.

II. Resumo do proxecto.

— Descrición do proxecto.

Trátase dun parque eólico (PE) de 30 MW de potencia total situado no concello de Rodeiro (Pontevedra) dentro da área de desenvolvemento eólico (ADE) "Serra do Farelo".

— Características xerais do parque eólico:

- ❖ Nº aeroxeradores 6.
- ❖ Modelo aeroxeradores sg145 5 MW.
- ❖ Altura da buxa (m) 102,5.
- ❖ Diámetro rotor (m) 145.
- ❖ Potencia nominal unitaria (MW) 5.
- ❖ Potencia do parque (MW) 30.

— Accesos e vías interiores.

Os accesos xerais ao parque eólico realizaranse a partir da infraestrutura viaria existente na zona. Os camiños internos ás liñas de aeroxeradores e o acceso ao centro de control adaptaranse ao máximo á topografía, minimizando os movementos de terra. Para evitar a circulación de augas sobre o firme e captar a escorrentía do terreo construíranse cunetas, de sección triangular, non revestidas, que desaugarán cara as liñas de drenaxe natural.

— Firmes e movementos de terra.

O firme dos camiños de acceso aos aeroxeradores estará constituído por unha capa de 30 cm de zahorra artificial, que servirá de base e rodadura, despois de retirar a capa superficial de terra vexetal que ten un espesor medio de 30 cm, ou ben sobre terraplén.



- Drenaxes lonxitudinais.

O drenaxe da plataforma das vías resólvese dotándoa de bombeo transversal do 2%, tanto en tramos rectos como en curvas. En todos os tramos en desmante escavaranse cunetas triangulares cunha profundidade de 35 cm baixo a cota de apoio da zahorra. En tramos con exceso ou defecto de pendente, esta cuneta revestirase con formigón. A lonxitude total das cunetas é de 7.279,24 m.

- Drenaxes transversais.

Proxéctanse obras de drenaxe transversal para paso de pequenas canles, así como para evacuar regularmente as escorrentías superficiais sen que se produzan danos de erosión. Serán O.D.T de 40, 60 ou 120 cm de diámetro, terminadas en embocaduras de pozo ou aletas.

- Gabias de cableado.

A rede de cables do parque eólico, composta por tendidos de media, baixa tensión e comunicacións, realízase mediante conducións en gabias, con tres niveis superpostos de cableado. As gabias que albergan o sistema colector do parque execútanse con retroescavadora ata 1,20 m de profundidade, cunha anchura de entre 0,6 e 1,30 m, segundo o número de tendidos e zona. A lonxitude total das gabias proxectadas é de 6.843,81 m, dos cales 122,81 m son baixo camiños ou estradas (con formigón nas capa máis profundas).

- Cimentación de aeroxeradores.

Zapata de planta circular cun diámetro inferior de 20,80 m. A base superior do tronco do cono será de 5,5 m de diámetro, a partir do cal se alzará un pedestal de 0,5 m de altura.

- Áreas de manobra.

O proceso construtivo destas áreas límtase na maioría dos casos a someros procesos de despexe e roza e posteriores "planchados", das superficies resultantes, mediante rodillos compactadores de 12-14 tn.

- Plataformas dos aeroxeradores.



A plataforma deberá ser totalmente horizontal. Os desmontes ou terrapléns non terán unha altura superior a 2 m. A pendente dos taludes non poderá ser superior ao 50%. Estenderase terra vexetal nos taludes como soporte dunha posterior sementeira ou revexetación.

— Edificio de control e subestación.

A execución da subestación require da realización de movementos de terra, vías de acceso e vías interiores, peche perimetral, cimentacións, bancadas para os transformadores, depósitos de aceite, muro cortalumes, urbanización, edificio, sistema de drenaxe, abastecemento de auga e saneamento da instalación, arquetas e canalizacións para o paso de cables.

— Instalacións de obra, maquinaria e acopio de materiais.

Próxima á subestación e edificio de control habilitarase unha zona, de superficie aproximada de 1.300 m², para o acopio dos materiais, parque de maquinaria e instalacións auxiliares. Procederase á roza da vexetación, explanación e estendido dunha capa granular que permita o tráfico da maquinaria. Dado a topografía do terreo, os movementos de terra serán de moi escasa entidade. Superficie de ocupación temporal durante a execución das obras, que será restaurada.

— Alternativas.

Preséntanse 3 alternativas (Alternativa 0, Alternativa 1 e Alternativa 2) e seleccionase a Alternativa 2. Esta alternativa propónse unha vez realizados os traballos de prospección arqueolóxica e as visitas de campo. Proxéctase a instalación de 6 aeroxeradores de 5 kW, para unha potencia total instalada de 30 MW. A altura da buxa é de 102,5 m e o diámetro de rotor de 145 m, o que supón unha altura total de 175 m.

O EsIA xustifica a elección da alternativa 2 en base a:

- ❖ Redución da lonxitude das vías de nova construción e do volume de movementos de terras.
- ❖ Redución do nº de aeroxeradores, coa conseguinte diminución da afección do solo, vexetación, fauna, hábitats, paisaxe e socioeconomía.





- ❖ A pesar da maior lonxitude de gabias na alternativa seleccionada, este considérase un impacto temporal, procedéndose con posterioridade a recuperar a topografía orixinal do terreo.
- ❖ Menor altura dos aeroxeradores, o que reduce o impacto visual.
- ❖ Proximidade a dúas granxas na alternativa 1.
- ❖ Aeroxerador AE8 da alternativa 1 en área de cautela de túmulo.

III. Análise da documentación.

Examinada a documentación recibida e tendo en consideración a información achegada polo Servizo de Patrimonio Natural de Pontevedra o 07/04/2022, realízase a seguinte análise:

1. O lugar onde se localiza o proxecto non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos, das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, nin na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
2. A zona onde se desenvolve o proxecto non se atopa en ningún espazo que, neste momento, se atope en estudo na Dirección Xeral de Patrimonio Natural por reunir importantes valores ambientais.
3. De conformidade co artigo 75 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, a zona de actuación non está comprendida dentro dos límites de ningunha área protexida por instrumentos internacionais.
4. Revisado o Inventario de humidais de Galicia (IHG), creado polo Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia, obsérvase que, o desenvolvemento do proxecto no afecta zonas húmidas inventariadas.
5. A poligonal do proxecto inclúese parcialmente dentro das áreas prioritarias para avifauna ameazada e/ou zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión, segundo o establecido na Resolución do 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se actualiza a delimitación





das áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, e se dispón a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade Autónoma de Galicia nas que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.

6. A actuación prevista, seguindo a traza da gabiá do cableado de leste a oeste, cruza as seguintes canles fluviais:

Regato / río	Distancia
Rego da Costa de Suíme	0
Rego de Lamazares	0
Rego da Portela	0
Rego de Coreixas	0
Rego de Suíme	0
Rego de Quinta	0
Rego de Rubiás	0

7. De conformidade co Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005), realizado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (actual Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico), na zona de actuación localízanse teselas onde se identificaron os seguintes hábitats naturais de interese comunitario ou prioritarios (*):

Código UE	Prioritario	Denominación
4030	Non	Uceiras secas europeas
4090	Non	Uceiras oromediterráneas endémicas con toxo
9230	Non	Carballeiras galaico -portuguesas con <i>Quercus robur</i> y <i>Quercus pyrenaica</i>

8. No ámbito de actuación non están presentes árbores ou formacións incluídas no Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras.
9. Segundo se deriva da información dispoñible na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, a cuadrícula na que se inclúe o ámbito de actuación do proxecto (UTM 10x10 29TNH82), correspóndese coa área de distribución das seguintes especies





protexidas, incluídas no Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA):

✦ Fauna

Especie	CGEA
INVERTEBRADOS	
<i>Margaritifera margaritifera</i>	E
<i>Geomalacus maculosus</i>	V
ANFIBIOS	
<i>Rana iberica</i>	V
<i>Discoglossus galganoi</i>	V(2)
AVES	
<i>Circus cyaneus</i>	V
<i>Gallinago gallinago</i>	E(1)
<i>Milvus milvus</i>	E
<i>Scolopax rusticola</i>	V (1)
<i>Vanellus vanellus</i>	E(1)
MAMÍFEROS	
<i>Galemys pyrenaicus</i>	V
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>	V
<i>Myotis myotis</i>	V

(E) En perigo de extinción.

(V) Vulnerable.

(1) Poboación nidificante.

(2) Poboacións insulares.

(3) Poboación do Cantábrico e Arco Ártabro: dende cabo Ortegal ata as illas Sisargas, Cantábrico: de cabo Ortegal ata o río Eo, incluído.

(4) Poboacións de baixa altitude da provincia da Coruña e poboacións de montaña da provincia de Ourense.

(5) spp. *schoeniculus*.

Non obstante, cabe salientar que os datos sinalados anteriormente están referidos a información asociada a unha cuadrícula 10x10 km, polo que unicamente proporciona unha primeira aproximación de cara á realización da análise. Cabe indicar para o *Vanellus vanellus* que, segundo o "Atlas de aves reproductoras" publicado polo MITECO en 2003, non é previsible encontrar parellas nidificantes nesta zona e segundo o II Censo nacional, publicado no ano 2016 por SEO-BirdLife para o sisón común (*Tetrax tetrax*) en España, non é previsible encontrar machos desta especie nesta zona.

10.O proxecto non está incluído dentro do ámbito de plans de recuperación ou conservación de especies protexidas.





11. A zona de actuación non se localiza dentro do ámbito de propostas técnicas de zonificación de plans de conservación/recuperación de especies ameazadas que se están elaborando na Dirección Xeral de Patrimonio Natural.
12. Con respecto as observacións efectuadas polo Servizo de Patrimonio Natural de Pontevedra relacionadas cos valores naturais, salientanse as seguintes :
 - ❖ As infraestruturas proxectadas afectan, segundo se recolle no EslA, a distintos tipos de vexetación:
 - Parte das plataformas de montaxe dos aeroxeradores AE1 e AE7, así como a subestación e zona de acopio de materiais, proxéctanse sobre prados.
 - Zona de implantación dos aeroxeradores AE1, AE2, AE3 e AE5, así como parte das súas respectivas plataformas de montaxe, están ocupadas por matogueiras (*Erica cinerea*, *Erica arborea*, *Calluna vulgaris*, *Cytisus* sp., *Pterospartum tridentatum*, *Ulex europaeus*, *Ulex gallii* e *Rubus ulmifolius*)
 - Na localización do aeroxerador AE4 e nunha pequena parte da plataforma de montaxe de AE3, están presentes masas de *Pinus pinaster* procedentes de repoboación. Os da plataforma do aeroxerador AE3 contan cunha altura aproximada de 9-12 m, mentres que os da zona do aeroxerador AE4 son máis baixos, 7-10 m .
 - ❖ Existen pés illados de frondosas próximas á zona de implantación do aeroxerador AE1, cerca da plataforma de montaxe do aeroxerador AE2 (principalmente carballo), rodais de bidueiro nas proximidades da zona de implantación do aeroxerador AE3 e unha pequena masa en parte da plataforma do aeroxerador AE7 (carballo principalmente con sotobosque formado por silvas). Segundo se indica no EslA, a afección sobre estas masas será mínima. Segundo informe do axente ambiental do Distrito XVI, o aeroxerador AE05 afecta tamén, en parte, a unha plantación de *Castanea* sp.
 - ❖ En base á información dispoñible na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, na cuadrículas 10*10 km na que se localiza a poligonal do parque cítase *Narcissus triandrus*, especie incluída no Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LESRPE) do Real Decreto 139/2011 e no anexo IV da





Directiva 92/43/CEE (Especies de interese comunitario que requiren unha protección estrita). Consultada a cartografía de distribución de especies de interese comunitario do Informe do Artigo 17 da Directiva 92/43/CEE (sexenio 2013-2018), en dita cuadrícula cítase tamén *Narcissus cyclamineus*, especie catalogada como vulnerable no CGEA, incluída no LESRPE (RD 139/2011) e nos anexos II (especies de interese comunitario para cuxa conservación é necesario designar zonas especiais de conservación) e IV da Directiva 92/43/CEE. Cabe destacar que esta información está asociada á cuadrícula 10*10 km, polo que unicamente proporciona unha primeira aproximación de cara ao seu estudo.

- ❖ A poligonal do parque eólico localízase na Zona 2 do Plan de xestión do lobo en Galicia, aprobado polo Decreto 297/2008. Dita zonificación establécese en función da densidade de lobos (sendo a zona 1 a de maior densidade), a gandería existente e os danos á mesma confirmados.
- ❖ O EsIA recolle as superficies de afección das infraestruturas do parque eólico sobre as formacións vexetais existentes: matogueiras e landas (3,58 ha), prados (2,98 ha), masas mixtas de frondosas (0,73 ha) e piñeirais (0,70 ha), o que suma unha superficie total de 7,99 ha. Esta superficie difire da superficie de ocupación total das obras (11 ha) recollidas noutro apartado do EsIA.

13. Con respecto ao EsIA do parque eólico cabe facer as seguintes observacións por parte desta dirección xeral:

- ❖ Non se presenta unha cartografía das redes primarias das faixas de xestión da biomasa vexetal existente na contorna onde se van a desenvolver as obras, segundo o artigo 20 bis.c) da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- ❖ Sobre a avifauna, o EsIA indica no Anexo XI que *"esta información se recogerá en el Informe preoperacional de aves y quirópteros actualmente en fase de elaboración. Este estudio preoperacional permitirá la caracterización inicial de la avifauna y los quirópteros existentes que sirva como base para el correcto desarrollo del PVA en fase de construcción y de explotación"*. Ademais non presenta un estudo completo da zona de voo das rapaces, analizando a



posible interrelación coa localización dos aeroxeradores, do que se deduce que esta información non se valorou á hora de fixar as posicións dos aeroxeradores.

- ❖ Sobre os quirópteros, non se realiza un estudo específico ao respecto. Tampouco sobre outros mamíferos, invertebrados e anfibios se realiza traballo de campo para caracterizar estes grupos faunísticos.
- ❖ No apartado de plan de vixilancia recóllese un punto relativo ao control da poboación de lobo onde se prevé levar a cabo un estudio para continuar cos traballos de detección do lobo no entorno do parque eólico de Suíme durante a fase de explotación.
- ❖ Con respecto á vexetación recóllese un apartado sobre esta (7.3.1. Vexetación) onde se detalla a vexetación potencial e actual así como os hábitats existentes e as superficies destes afectadas pola execución do parque eólico.

IV. Conclusións.

Atendendo á súa consulta, en base á información dispoñible na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, dos datos achegados polo Servizo de Patrimonio Natural de Pontevedra e a documentación achegada polo promotor, infórmase que non é posible **determinar con total seguridade que non se vaian producir efectos negativos sobre os valores naturais.**

Para que esta dirección xeral poida pronunciarse sobre o obxecto da súa consulta, é preciso que o estudo de impacto ambiental estea terminado; e non pode dicirse que así sexa cando os inventarios que serven de base á análise están incompletos ou son claramente insuficientes. É necesario sinalar que é responsabilidade do promotor, de acordo co establecido no artigo 35 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a elaboración do estudo de impacto ambiental.



Para unha correcta avaliación ambiental do proxecto, o estudo de impacto ambiental (e de ser necesario, o proxecto) deberá ser reformulado conforme aos seguintes apuntes:

- A información de campo utilizada para redactar o estudo de impacto ambiental (e para integrar os aspectos ambientais na elaboración do proxecto) debe ser actual.
- O inventario ambiental do EsIA debe ser corrixido acorde ás seguintes consideracións:
 - ❖ Con respecto aos **inventarios**, como consideración xeral, estarase ao seguinte para o estudo da flora e dos grupos faunísticos: a recompilación de información debe ter en conta un período de tempo suficiente que permita abarcar os aspectos estacionais de comportamento das especies (reprodución, migración, hibernación), segundo proceda, ou no seu caso da fenoloxía. Doutra banda a área de estudo (marco de referencia espacial) debe definirse de tal maneira que abarque toda a zona xeográfica dentro da cal é probable que ocorran todas as actividades e os efectos do proxecto.
 - ❖ O **inventario de flora** deberá confirmar ou descartar á presenza de especies catalogadas nas áreas de afección do proxecto. Este extremo será de aplicación nas áreas do ámbito de afección do proxecto, incluída a rede primaria de xestión de biomasa conforme aos requirimentos da Lei 3/2009, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
 - ❖ O **inventario doutros grupos faunísticos** deberá confirmar ou descartar á presenza de especies catalogadas nas áreas de afección do proxecto, con especial atención ás zonas húmidas do ámbito do proxecto.
 - ❖ Tendo en conta a especial afección deste tipo de proxectos sobre **avifauna e quirópteros**, seguiranse as seguintes condicións mínimas para o estudo de cada grupo.
 - Condicións mínimas para o estudo de **aves diúrnas**.

O obxectivo é analizar como utilizan as aves diúrnas o espazo que rodea aos aeroxeradores.





O promotor deberá presentar un estudo onde se delimite a área de estudo e descríbese o método utilizado para o inventario. Salvo que se xustifique suficientemente, os inventarios de aves deberán realizarse baixo as seguintes condicións mínimas:

- ✦ Establecerase unha área de afección ao redor de todos os aeroxeradores de 2 km de radio.
- ✦ Indicaranse cales son as aves que se pretenden estudar en detalle.
- ✦ En función da superficie desta banda, establecerase un posto de observación cada 2.500 ha de banda de afección, utilizándose polo menos 2 postos por cada parque eólico.
- ✦ Os postos de observación situaranse de tal modo que se cubra polo menos a 80% da área de afección cunha detectabilidade desas aves superior ao 50%. Para cumprir con esta condición, na descrición do método de inventario utilizado indicarse o tipo de ópticas utilizadas para observar as aves e a distancia á cal a detectabilidade das aves cara ás cales se dirixe o inventario baixa do 50%.
- ✦ Polo menos realizarse unha xornada por mes durante un ano enteiro. Durante cada xornada, as observacións faranse durante as 2 horas seguintes ao amencer, 2 horas ao mediodía e 2 horas antes do ocaso.
- ✦ O período de observación establecerase en función da etoloxía das especies que se trata de detectar.
- ✦ As condicións meteorolóxicas deberán ser adecuadas: boa visibilidade e vento por baixo dos valores medios anuais.
- ✦ Pode ser conveniente o uso de radares (móbiles ou fixos) ou sistemas de detección de aves en tempo real.

Co inventario deberase valorar o impacto que se pode producir sobre estas aves, analizando o uso do territorio que fan, a selección do hábitat, o uso do espazo aéreo (altura de voo considerando vóanse por baixo do rotor, á





altura deste ou por encima del; concentracións en puntos concretos; zonas de paso; ...), identificación de puntos singulares de alta frecuencia, etc.

Á vista das recomendacións do “Estudo do efecto dos parques eólicos sobre a avifauna en Galicia e plan de minimización do impacto”, valorarase especialmente o impacto sobre as seguintes especies de aves que, a priori, son potencialmente as máis sensibles:

- ✦ *Ardea cinerea*.
- ✦ *Buteo buteo*.
- ✦ *Circaetus gallicus*.
- ✦ *Circus cyaneus*.
- ✦ *Circus pygargus*.
- ✦ *Falco tinnunculus*.
- ✦ *Gyps fulvus*.
- ✦ *Neophron percnopterus*.

Do exposto no apartado III deste informe, engádese á listaxe anterior as do xénero *Milvus*.

— Condicións mínimas para o estudo de **aves nocturnas**.

Para as especies de aves nocturnas, o inventario consistirá na realización de escoitas desde todos os puntos nos que se instalarán os aeroxeradores.

Estas escoitas terán as seguintes condicións mínimas:

- ✦ Deben iniciarse uns 15 minutos despois do ocaso e terminar antes de 2 horas.
- ✦ A duración da escoita en cada punto será de 30 minutos polo menos.
- ✦ Non se realizarán escoitas en noites con precipitacións ou con vento.
- ✦ Realizaranse dous escoitas en cada un dos seguintes períodos: do 16 de xaneiro ao 15 de febreiro; do 16 de abril ao 15 de maio; e do 1 de xuño ao 30 de xuño.





Co inventario deberase valorar o impacto que se pode producir sobre estas aves, analizando o uso do territorio que fan, a selección do hábitat, o uso do espazo aéreo, etc.

Valorarase especialmente o impacto sobre *Asio otus* que, a priori, é potencialmente a máis sensible.

– Condicións mínimas para o estudo de **quirópteros**.

No inventario dos morcegos é básico localizar os refuxios que utilizan. O promotor deberá presentar un estudo onde se delimite a área de estudo e descríbese o método utilizado para o inventario. Salvo que se xustifique suficientemente, os inventarios de refuxios deberán realizarse baixo as seguintes condicións mínimas:

- ✦ Establecerase unha área de afección ao redor de todos os aeroxeradores de 4 km de radio.
- ✦ Dentro desta área, identificaranse todos os potenciais refuxios de quirópteros, incluíndo árbores añosos que poidan ser utilizados polas especies forestais.
- ✦ A localización dos refuxios de hibernación farase entre o 16 de decembro e o 15 de febreiro.
- ✦ Durante os períodos de máxima actividade (do 1 de abril ao 15 de maio e do 1 de agosto ao 15 de outubro) localizaranse os refuxios de cría e repouso.
- ✦ Coñecidos estes últimos, deberase identificar as especies que os utilizan e determinarase as superficies que utilizan como alimentación desde cada refuxio.

Para analizar o uso do espazo no que se proxecta instalar o parque eólico levará a cabo un estudo de actividade dos morcegos mediante mostraxe acústica pasiva. A metodoloxía para aplicar será a seguinte, salvo que se xustifique adecuadamente outra mellor:

- ✦ Empregaranse equipos de rexistro automático en espectro completo.





- ✦ O calendario xeral de traballo será de marzo a novembro, dividido en períodos de 15 días. A gravación será continua (do atardecer ao amencer), cando menos durante 3 noites consecutivas (sen precipitacións continuas, néboas, nin ventos excesivamente fortes) en cada período de 15 días.
- ✦ Débese dispoñer, en cada aliñación do parque eólico:
 - Nas aliñacións menores de 2 km, 1 equipo no punto medio.
 - Nas aliñacións entre 2 km e 4 km, 2 equipos situados nos aeroxeradores dos límites.
 - Nas aliñacións maiores de 4 km, 1 equipo cada 2 km, de forma equidistante.
- ✦ As mostraxes realizaranse a dúas alturas, unha a nivel do chan e outra o mais preto posible da altura do rotor sempre que existan estruturas que o permitan, como as torres meteorolóxicas.
- ✦ As gravacións deberán almacenarse durante un período mínimo de 2 anos co fin de posibilitar revisións.

Cos datos de acústica obtidos, o EsIA debe reflexar niveis de actividade e diversidade de especies nos diferentes emprazamentos. Ditos niveis de actividade deben ser comparados con datos meteorolóxicos (temperatura, precipitación, velocidade do vento, etc.) e fenoloxía das especies presentes.

Á vista dos datos publicados nas “Directrices básicas para el estudio del impacto de instalaciones eólicas sobre poboacións de murciélagos en España” (SECEMU. Barbastella, 6 (núm. especial): 1-31), valorarase especialmente o impacto sobre as seguintes especies de morcegos que, a priori, sofren unha incidencia elevada:

- ✦ *Nyctalus leisleri*.
- ✦ *Nyctalus noctula*.
- ✦ *Pipistrellus pipistrellus*.



✦ *Pipistrellus pygmaeus*.

Finalmente, indicárase tamén a velocidade mínima de funcionamento dos aeroxeradores proxectados.

- En relación ao lobo, tense que dar cumprimento ao punto 18 (“Efecto barreira das infraestruturas”), apartado 5, do Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia. Neste senso, debe efectuarse un estudo con datos sólidos sobre a presenza de lobos na área de influencia do parque eólico e debe realizarse unha avaliación e seguimento das afeccións da instalación eólica sobre a poboación de lobos; estrutura social, zonas de cría, uso do espazo, etc.
- O EsIA deberá ser reformulado nos apartados de **identificación e valoración de impactos, medidas preventivas e correctoras e plan de vixilancia ambiental**, conforme á nova información que se recompila no inventario ambiental.

O presente informe emítese sobre a documentación achegada e sen prexuízo doutras comunicacións, autorizacións e/ou informes precisos debendo cumprir o establecido no resto da lexislación que lle sexa de aplicación. Calquera modificación do proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural, requirirá o seu informe correspondente.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O xefe do Servizo de Análise de
Proxectos, Plans e Programas

Carlos González Andrés

Visto e Prace

O subdirector xeral de Espazos Naturais

Tomás Fernández-Couto Juanas

